

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE FEBREIRO DE 2016

1 a 44.- **Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmobles.**

Apróbanse os beneficios fiscais solicitados.

45.- **Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa a subsanación erro no punto nº 75 da Xunta de Goberno de 13.11.15 do "Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017."** Apróbase a proposta.

46.- **Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación de apertura dos prazos de admisión e matrícula nas Escolas Infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2016-2017.** Apróbase a proposta.

O prazo de presentación de solicitudes do procedemento de reserva de prazas e traslado do alumnado actual será entre os días 1 e 10 de marzo (ambos inclusive). Unha vez revisadas, o día 14 de marzo someterase a exposición pública nos taboleiros de anuncios do Concello de Santiago, nos das escolas infantís municipais, e na páxina web municipal, a lista de reservas e traslados e o número de prazas vacantes por unidades.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 15 de marzo ao 15 de abril. As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, ou no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche.

A relación provisional de admitidos e a lista de agarda farase pública entre o 2 e o 10 de maio, e os solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de 10 días naturais. A relación definitiva de admitidos e a lista de agarda farase pública entre o 25 e o 31 de maio. O prazo de matrícula para todo o alumnado das escolas infantís municipais de Fontiñas, Conxo e Meixonfrío-Salgueiriños será do 1 ao 15 de xuño.

Os prezos que deberán pagar os usuarios serán os establecidos no Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

47.- **Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á renuncia de Dna. MARÍA JOSEFA CAMINO FERNÁNDEZ ao traspaso ao seu favor da caseta "CE024", da que era titular D. SANTIAGO FERNÁNDEZ LAGO.** Apróbase a proposta.

48.- **Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para 2016.** Apróbase a solicitude da subvención á Consellería de Economía, Emprego e industria para a contratación temporal dun total de 25 traballadores, por un período de 7 meses. En concreto, solicítase a axuda para contratar 4 técnicos administrativos, 9 administrativos, 8 conserxes e 4 peóns. O importe da axuda sería de 245.169,64 euros, para financiar a totalidade dos gastos das contratacións, incluída a Seguridade Social

49.- **Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación 2016.** Apróbase a solicitude da

subvención para a contratación no exercicio 2016 de traballadores e traballadoras desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral e social. En concreto, solicítase a achega para a contratación de tres traballadores de Protección Civil, por un período de 3 meses. O importe máximo da subvención será de 14.879,22 euros, para financiar a totalidade dos gastos das contratacións, incluída a Seguridade Social.

50.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á denegacións de axudas do Programa Santiago suma de inclusión social. Apróbase a proposta.

51.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza constituída para responder do contrato de "Xestión do servizo de alumado do Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

52.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza constituída para responder do contrato de "Deseño, desenvolvemento, subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a Musealización do centro de interpretación do medio urbano e natural de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

53.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza constituída para responder do contrato "Contratación do acordo de licenciamento do ELA SMALL GOVERNMENT ESRI para o Concello de Santiago de Compostela". Apróbase a proposta.

54.- Proposta do alcalde relativa á devolución de fianza constituída para responder do contrato de "Obras de mellora e acondicionamento de viario en Frades (A Barciela), incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña". Apróbase a proposta.

55.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de representante na FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS. Apróbase o nomeamento da concelleira María Rozas como representante do grupo municipal de Compostela Aberta na Fundación Refuxio de Animais, debido a que á Noa Morales, como concelleira delegada de Benestar Animal, correspóndelle o cargo de Vicepresidenta da citada Fundación.

56.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente denominado "Prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza nas dependencias deportivas de Conxo". Apróbase a apertura dun procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 27.435,45 euros (máis IVE de 5.761,44 euros)

57.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á segunda prórroga do contrato coa empresa LACERA para o tratamento da lexiónela nas instalacións deportivas (do 26 de febreiro ao 25 de maio de 2016). Apróbase a proposta, que suporá un gasto de 5.888,01 euros (IVE engadido), segundo o cálculo proporcional do prezo do contrato vixente.